

Asunto: INFORME COMPLEMENTARIO AO INFORME EMITIDO POLA DXSAP, O 11 DE ABRIL DE 2025, EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

O 14 de marzo de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Vicesecretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita consellería.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa.
- Memoria económica.
- Cadro de equivalencias.
- Cadro de amortizacións.
- Cadro de creacións.
- Cadro de modificacións.

O 11 de abril de 2025 esta dirección xeral emitiu informe favorable á modificación da citada relación de postos de traballo.

O 25 de maio de 2025 a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal remite á DXSAP memoria funcional complementaria á recibida o 14 de marzo, na que a consellería, por indicación da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal, realiza as seguintes rectificacións sobre a memoria inicial:

- O posto Xefatura Sección de Coordinación con código MAC030000015770035 cambia a súa adscrición a *“exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia”*.
- Os seguintes postos modifican as escalas e especialidades de acceso:
 - Xefatura de Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas (código MAC040000115770007).
 - Xefatura de Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos (código MAC040000115770015).
 - Xefatura de Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación (código MAC040000115770020).
 - Xefatura de Servizo de Residuos (código MAC020000215770010).





Á vista do exposto, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio ratifícase no informe emitido o 11 de abril de 2025, en relación a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, sen perxuízo das consideracións que poida recoller a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no informe que deberá emitir con carácter previo a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

